



Lumes, nunca máis?



A foto que fala

Texas. Preto de 20 000 persoas son detidas cada mes na fronteira entre México e USA. Na foto, varios homes dispérsanse ante a presenza dun helicóptero da policía. [Foto: William Widmer]



O trasno O artigo 155 ao rescate de Agamenón

Daniel López Muñoz



Conta Sófocles que Agamenón, rei dos aqueos, volvendo vitorioso de Troia, unha causa xusta, queda inmovilizado nalgures coa súa frota, e todo porque a deusa Artemisa estaba cabreada. Agamenón non dubidou en sacrificar a súa filla Ifigenia no altar de Artemisa e así continuar a singratura. Seguiu avanzando, pero perdeu lexitimidade. As prásas é o que teñen. O 20 de outubro o *procés* tiña a síndrome de Agamenón. O referendo quedara atrás e as cousas foran co-

llendo outra traza; parte por unha precipitación, parte por unha imprevisión e parte por un esquecemento. Imos por partes.

Unha precipitación: como Agamenón, o “procés” tiña acumulada unha lexitimidade enorme, coma a vitoria contra Troia, isto é, un respaldo electoral sobrado para esixir un referendo. Esa lexitimidade era o mellor triunfo na man do soberanismo. Un referendo de verdade, con garantías, con campaña e debate de escenarios, como o de Quebec ou Escocia. Sen atallos. Rajoy, porra en man, estaba fóra de xogo, en evidencia diante de Europa. Habería que prolongar a xogada, desgastar o rival. Xogar ben o trunfo. Pero non arrebatarse cunha independencia unilateral con menos do 50% de respaldo explícito e indiscutible da masa electoral. Non sacrificar a lexitimidade, indispensable diante de Europa; porque unha independencia que só reconeza Maduro –con todos os respectos- non está europeamente madura, e pode resultar dobremente esdrúxula: patética e minúscula.

Unha imprevisión: a fuga de empresas, que tivo algo de sorpresa. Porque se ben o capital non ten patria e gusta de illas temperadas e augas tranquilas –mesmo fiscalmente paradisíacas-, había unha sorte de crenza de que o nacionalismo burgués da antiga converxencia tería “amarrado” o empresario catalán. Pero non. Foi como a revelación dunha chambonada.

E un esquecemento, o do principio físico da acción-reacción. Clitemnestra, mata o seu marido, Agamenón, para vingar a súa filla. Perder lexitimidade democrática, debilita. Un as pode matar un tres. E, de propina, o rexurdir do españolismo adurmiñado, mesmo do extremoso, tamén en Cataluña.

Iso era o 20. Pero o 21, visto que a cousa arrefriaba, Rajoy, unha vez máis, veu ao rescate, botando leña ao lume cun lampreazo de 155 estalos. Reanimando o unilateralismo. Escribo isto o 22. E non sei se estamos na fin do principio ou no principio da fin. Son as contradicións e paradoxos das realidades complexas e das partidas de tute. Case nada é como parece.

Editorial Lumes nunca máis?

Un dos máximos responsables da consellería de medio rural, un par de días antes da desfeita do 14 de outubro, xa se anticipaba a dicir na radio que viña unha fin de semana de condicións fatais e que os criminais pirómanos seguro que xa se estaban preparando. Chámanlle “poñer a venda antes da ferida”. Tamén se lle podería chamar “dar ideas”.

A velocidade coa que o PP no goberno descarga toda a responsabilidade nesa trama de pirómanos que nunca son capturados só é comparable coa celeridade coa que descargaron no 2006 todas as culpas do lume no bipartito. Ou coa prontitude coa que o daquela candidato Feijoo colleu unha manguera de

Planificar e ordenar o rural ten serios inconvenientes electorais a curto prazo

xardín para ser fotografado e así compensar as carencias dos servizos antiincendios nacionalistas.

Pero as políticas e os modelos forestais son asuntos de ciclo longo. Son malas de resolver ao carón do lume forestal ou da liorta electoral.

Sobre o eucalipto está case todo dito e pensado, case consensuado, pero non se aplica. Non hai especies malditas senón que hai malditas formas de xestionar o monte e as especies e de exercer o control, ou mellor, o descontrol. Seguro que o eucalipto ten o seu lugar no mundo forestal galego, pero non vale encher as terras de labor abandonadas de eucaliptos e plantar até a porta da cociña do veciño. Non vale que teña que ser o veciño o que formule a denuncia diante do Seprona. A administración debe actuar de oficio e aforrarlle aos veciños liortas innecesarias, que ben chega coas que nos trae a vida.

Tal como vai o cambio climático, estamos condenados ao lume perpetuo –facer de Galicia un inferno recorrente- se non se toma en serio a ordenación do rural, a súa revitalización alén de catro anuncios na galega, a utilización de terras abandonadas, a facilitación do uso desas terras para a actividade á que están chamadas no planeamento agora inexistente. É o cultivo de terras o que rompe a continuidade da biomasa. E é o pastoreo o que controla a biomasa combustible dentro do monte. Son oficios e oportunidades que estamos estragando.

Un rural ordenado, cultivado e limpo arde mal. Pero planificar e ordenar ten serios inconvenientes electorais a curto prazo. Sería cousa dun gran pacto pola Galicia rural, liderada por técnicos independentes e activistas agrarios e apoiada por todo o arco parlamentario. É moito pedir. Sabémolo. Implicaría seriedade, capacidade, amplitude de miras e amor a esta terra por parte dos nosos representantes parlamentarios. Efectivamente, sería moito pedir.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Coñeces a Johan Sebastian Mastro-piero? Confío en que si. Darlles un premio a Les Luthiers foi un detalle estupendo para o humor. Aínda que os premios sempre son polémicos, por aqueles que se premian e aqueles que se esquecen, sen dúbida no caso deses músicos tolos chegados de Arxentina é ben merecido. Lembro unha das súas primeiras actuacións en Santiago de Compostela como unha experiencia única. Saín do Auditorio de Galicia con maniotas de tanto rir.

É que a de humorista é unha profesión imprescindible. Non podemos



pasar sen o sentido do humor e sen aqueles profesionais que nos fagan chorar coa risa. Que sería desta revista sen o Carrabouxo? Non son xeniais as tiras de Dávila?


Paga a pena o recoñecemento aos humoristas. Deberíamos telos máis presentes. Se cadra, só valoramos

como algo que paga a pena a tristura e o drama. Parece que o humor é algo rexeitable e rir non é serio. Pero deberíamos ser máis positivos e facer da risa unha maneira moi humana de achegarnos ao mundo que nos rodea. Cinco gargalladas ao día como receita. Neste mundo, precisámolo.

1



3



2



Plataforma Veciñal
MINA
TOURO-O PINO
NON

4



A peneira

1

Os Evanxélicos en Galicia celebran os 500 anos da **REFORMA** coa Exposición "Despois das tebras, a luz", o 6 en Vigo e o 13 en Lugo, que principiou en Marín onde a Igrexa Evanxélica medra dende hai 140 anos. É unha mostra de Biblias que celebran a súa tradución a todas as linguas, raíz desta fe nos pobos.

2

A veciñanza de Touro e O Pino está a mobilizarse contra a reapertura da **MINA** de cobre no seu territorio, defendendo o seu patrimonio e o seu futuro ante o risco de atentar contra os dereitos das e dos labregos.

3

Ducias de colectivos veñen de organizarse integrando a **REDE DO PATRIMONIO** Cultural, unindo esforzos, e convocando, o 16, o Día Mundial do Patrimonio con iniciativas locais en todo o país para dar a coñecelo e denunciar as agresións que sofre.

4

O 11, a nosa cultura honra a **PACO SOUTO**, que nos deixou en marzo cando traballaba no seu labor de percebeiro. No Colón da Coruña vai lembrarse a súa creación en todas as artes e o seu compromiso polo pobo coma activista cultural de base, sobre todo na Costa da Morte e Bergantiños.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Cumpridos tres anos do Califato do **EI**, e coa caída de Raqa en Siria, despois de 5 meses de cerco, perderon terreo, pero gañan adeptos a través do califato virtual e do adestramento ideolóxico de moitos combatentes estranxeiros que cruzan o mundo.

6

O 16 a folga no **ENSINO** reivindica unha lei galega de educación como alternativa á Lomce que asfixia o noso. Urxe valorar o que converte Galiza nunha nación: paisaxe, organización do territorio, fala, cultura labrega... O que en Madrid chaman adoutramento, e a mocidade que loitou contra o lume ama con paixón.

7

Repensar a **REVOLUCIÓN** 1917-2017 é o convite da Asociación Alexandre Bóveda da Coruña. Fano baixo a guía de Carme Adán, "Revolución e utopías", o 3; Claudio López Garrido, "Retrato do colonizado", o 9 e Xurxo Álvarez "A Revolución rusa e a revolución en occidente segundo A. Gramsci", o 23.

8

O filme "**NOVE de NOVEMBRO**" de Lázaro Louzao de Xove, apoiado polo colectivo LGBT (Lesbianas, Gais, Bisexuais e Transexuais) rodada no tempo da reconversión industrial na Coruña, fai lembrarnos a mesma data do 1989: a caída do Muro de Berlín, introducíndonos nos desencontros e muros que separan a Miguel e Roberto.

Economía Ego rico

Pedro Pedrouzo Devesa

Non o podemos evitar. Cando a vida nos vai ben, acabamos pensando que o merecemos. Transformamos a fortuna en mérito. Se cadra, conviría lembrar que a orixe etimolóxica dese sinónimo de riqueza, fortuna, é tamén sinónimo de sorte. Parece que no pasado tiñamos máis claro que a fortuna como riqueza ía moi asociada á fortuna como sorte. Posiblemente sendo conscientes da nosa sorte, sería máis doado recoñecer a obriga moral de ceder unha parte importante do seu froito a aqueles que non gozan dela.

Un dos efectos do crecemento desigual co que regamos o noso progreso consiste, precisamente, na firme crenza de que a nosa fortuna, riqueza, é fundamentalmente un mérito que premia o noso esforzo.

Pero esquecemos os innumerables condicionais que permitiron chegarmos a onde estamos. Os condicionais xenéticos, familiares, educativos, académicos, sociais, económicos, territoriais e políticos. Todos eles conforman un *humus* sen o que a deusa fortuna tería depositado as súas grazas noutro terreo diferente ao noso.

Desde que as pateras do Mediterráneo nos lembraron que non podemos vivir de costas a África, os *egomovements* foron gañando terreo. Os ricos séntense roubados polos pobres, que, polo visto, son unha panda de lacazáns. Están fartos de ter que pagar todos os anos máis do que o seu ideal de xustiza considera razoable. Séntense estafados. Queren mello-

rar as súas *balanzas fiscais*, pois consideran que xa achegan suficientes recursos ao sector público como para seguir indefinidamente. Tamén teñen necesidades e fillos aos que manter.

A egoestupidez chegou para ficar con nós. Os afortunados están fartos de pagar. Agora os empobrecidos chámanse subsidiados, xa que “vago” semella unha palabra doutra época menos democrática. Hai ideoloxías que conviven tranquilamente con esta idea sen ruborizarse. Non é que a vaian vociferando, pero non se avergoñan de recoñecela. Porén, hai outras ideoloxías que prefiren ocultala dentro das cuestións territoriais. Conseguen máis eco naqueles lugares nos que, curiosamente, o *status quo* do cal se queixan lles posibilitou un nivel de riqueza e prosperidade xamais acadado, pero que, polo visto, é insuficiente cando sofren algún revés.

Estamos na era do discurso. Non importa o que fagas. O importante é o relato que constrúas. Hai moito que a política se converteu en narrativa. E a narrativa bebe da crenza de facer verídica a ficción. Constrúe un bo relato que crea afección. Regala un prisma que deforma o que pasa. Converte a ideoloxía en militancia. Divídenos en equipos. Trasládanos ao mundo tribal.





O peto común


Teresa Souto Loira

Mágoa, impotencia, desolación, a nosa terra, os noso montes... A vista da desfeita do lume.

E por riba de toda a dor, das perdas, da angustia, teñen a cara de mentirnos, e seguir mentíndonos. Mexan por nós e temos que dicir que chove.

Puidemos ver que a nosa xente, o noso pobo, é forte, valente e xeneroso, e que toda a veciñanza aportou o seu esforzo e traballo, loitando contra o lume. Mais tamén vemos a descoordinación e inacción de quen ten que dar respostas eficaces e poñer medios.

Mágoa tamén ante os ataques en Somalia. Máis de 350 persoas mortas e 50 desaparecidas, moitas feridas gravemente... E case que pasa desapercibida a noticia. Nos atentados terroristas do mundo occidental, todos os medios de comunicación se esgotan en dar información, as redes sociais énchense de persoas e imaxes dicindo "Eu tamén son Francia", "son París", "son Barcelona"... , pero NINGUÉN é Somalia. Non sei por que parece ser que para algúns, unhas vidas teñen máis valor ca outras. Que mágoa! Que inxustiza! A diferenza non se fai soamente dos países do que chaman mundo desenvolvido e mundo por desenvolver, o terceiro mundo (como se dicía), a diferenza faise cos seres humanos, coas persoas, que por nacer nun país empobrecido, non pobre, non merecen un espazo no noso sentir conxunto e individual. Pois aquí, en Galiza sufrimos polos lumes, e sufrimos por Somalia, e queremos seguir loitando contra as inxustizas.



O CARRABOXO

por ROBÉ LOIS



A Viradeira

Apuntamentos para despois do lumes

Eloi Villada Legaspi

As causas dos devastadores lumes que queimaron o nos país nestes días e tamén en anos e décadas anteriores están explicitadas dabondo nos numerosos artigos publicados nos medios de comunicación, por tanto reiteralos non tería ningún sentido pola miña parte. Só quero mostrar claramente que as explicacións e condolencias do Sr. Presidente da Xunta parecéronme decepcionantes e sen propósito de emenda. Por tanto, seguiremos a ter un grave problema mentres o grupo de persoas que xestionan o medio rural galego sigan á fronte do mesmo. As situacións climáticas singulares que comezamos a padecer deixarán de selo; de feito, xa o deixaron por mor da mudanza climática que afecta a todo o planeta.



Eloi Villada, presidente da Sociedade galega de pastos e forraxes

A redución da biomasa

O monte galego arde de xeito tan virulento porque a biomasa combustible (mato, toxo, xestas, silvas, fentos,...) acumúlase anualmente, acadando niveis inmanexables. Como consecuencia, o combustible acumulado é a “gasolina” que só está esperando a ignición. Esa é a razón do fracaso sistema de loita contra os incendios.

e a virulencia dos lumes se se adoptan medidas para reducir o combustible.

Tamén convén salientar que, no caso galego, existe unha correlación directa entre a carga gandeira de bovinos e a incidencia de lumes forestais, apreciándose unha clara diferenza entre as comarcas máis gandeiras -as do norte- fronte ás do sur. Os métodos recomendados para reducir a biomasa combustible son variados e

O montes comunais poderían ser a base ideal para instalación de novos proxectos de pastoreo

Sobre este tema convén reler os documentados traballos científicos publicados, entre nós, desde os anos 80 do século pasado ata a actualidade, polos enxeñeiros Francisco Sineiro e Antonio Rigueiro, o biólogo Fco. Javier Silva Pando, os seus colaboradores e outros expertos. A nivel mundial, as achegas existentes sobre o tema é extensa e de grande utilidade. Está bastante claro que só será posible reducir a incidencia, a frecuencia

van desde a aplicación de herbicidas para matar a vexetación do sotobosque, (empregouse moito nos EUA e mesmo en España, pero é un método caro e ambientalmente non sostible), ao desbroce mecánico. A roza mecánica é unha opción posible pero tamén é cara e de difícil aplicación en terreos pendentes. O control manual está limitado a pequenas superficies, polo que só a recuperación dos case esquecidos sistemas de pastoreo ou

silvopastoreo reúnen os necesarios requisitos de sostibilidade económica e ambiental.

A volta aos sistemas de silvopastoreo

Os sistemas de pastoreo aínda resisten en determinadas bisbarras de Galicia e mesmo hai rapaces novos que están a traballar con autosatisfacción co gando en sistemas extensivos. Saben o que fan e vailles bastante ben. Infelizmente, son poucos pero poderían ser moitos máis.

O primeiro paso, esencial para recuperarmos o pastoreo, é manter o que xa temos e procurar, paseniñamente, que haxa novos gandeiros ou candidatos a selo. Para logralo é necesario facilitar o acceso á terra de persoas formadas ou en fase de formación (estudantes de escolas agrarias, enxeñaría, veterinaria, etc.), lograr financiamento para os seus proxectos de incorporación aos sistemas agro-silvo-pastoris, habilitar métodos de acceso aos pagamentos da PAC e servizos axeitados no medio rural.

Unha cuarta parte da superficie galega está ocupada por Montes Veciñais en Man Común (MVMC), dos que moitos especuladores que están á espreita de posibles medidas políticas que eliminen a súa inalienabilidade (imposibilidade de privatización). Estas superficies poderían ser a base ideal para instalación de novos proxectos de pastoreo (xa o están sendo para viñedos, invernadoiros – en Pacios, Begonte- e tamén se teñen consolidado proxectos gandeiros moi importantes (Abadín, Friol, Cervantes, etc.).

Unha parte da superficie queimada corresponde con estas superficies sen gando, mais afortunadamente estase a dar unha nova conciencia de defensa e recuperación de actividades destas comunidades. Neste aspecto, cómpre salientar a reunión convocada pola comunidade de Riocaldo (Lobios), unha das máis afectadas de

Galicia, para o vindeiro 4 de Novembro coa pretensión de actuar xa de cara a iniciar a recuperación actividades gandeiras para reducir o combustible natural.

Un desafío para a PAC

Actualmente estanse a discutir en Bruxelas as medidas a adoptar de cara á reforma da PAC para o período 2020-2027, sendo os temas esenciais de discusión a renovación xeracional, a agricultura de precisión, as aldeas intelixentes e a definición

que se facilitasen medidas persistentes de control dos mesmos.

Ao actual goberno galego, de xeito inmediato, habería que pedirlle que, polo menos, aplicase as leis que están en vigor, que non pechase os ollos diante das plantacións ilegais e da destrución dos bosques de frondosas para os substituír por eucaliptais e, sobre todo, que escoitase a voz da sociedade e non exclusivamente a das partes interesadas na industria do papel e, secundariamente, na do lume.

Pagaría a pena que galegos e portugueses presionasen para introducir o tema dos lumes no debate da nova PAC

de agricultor activo. Todo iso ten interese e debe resultar atractivo para os nosos posibles futuros xestores do medio rural, pero pagaría a pena que a nivel galego e portugués houbera presión para introducirmos nas discusións o tema dos incendios e lograr

Os incendios terán solución se se actúa xa, pero sen improvisar e escoitando as partes de cara ao medio e longo prazo. O proceso de destrución do rural leva máis de 50 anos e levantar outro que sexa equilibrado e eficiente non pode nin vai ser cousa de pouco tempo.



Existe unha correlación directa entre a carga gandeira de bovinos e a incidencia de lumes forestais

Entrevista Querendo vivir en familia dun xeito integral

Manolo Regal Ledo

Achegámonos con gusto á “casa das monxas”, como din normalmente os vecinos e veciñas de Abadín, que saben que é unha casa sempre aberta e acolledora, coa palabra a flor de pel e o sorriso abrindo ao aire espíritos fraternos, que desexan compartir as grazas que Deus lles deu, e que elas foron facendo medrar coas súas vidas miúdas e acesas.

Algo de todo isto é o que quixemos recoller para os lectores e lectoras de IRIMIA na conversa que mantivemos coas tres relixiosas da Sagrada Familia de Burdeos que, desde o ano 1987, residen connosco en Abadín. Sentamos ao quente da cociña de leña. Enriba da mesa uns vasiños para gustar algunha infusión feita con herbas recollidas dos arredores.

Levan aquí 30 anos. Están connosco Rosa, extremeña, 81 anos; Paquita, navarra, 69; e Izaskun, tolosana, 77. Tamén pasaron por aquí Esperanza Villanueva, galega, que morreu a consecuencia dun atopelo ao ano seguinte de chegar aquí, no 1988, e Esperanza de la Torre, leonesa, que estivo en Abadín entre o 2007 e 2015.



Rosa, Paquita, Izaskun e Esperanza, as tres primeiras forman hoxe a familia das monxas de Abadín.

Así que logo, por que quixestes abrir casa e vida en Abadín?

Mira, nas orixes da nosa Congregación, fundada polo crego Pedro Bienvenido Noalles, no ano 1820 en Burdeos, había xa as “irmás agrícolas”; monxas que se dedicaban ao traballo do campo para integrar a rapazas novas que fuxían do campo á cidade,

Ese era, logo, a intención, o espírito co que viñades?

Si, estabamos insertas varias de nós nunha comunidade cristiá en Valencia, e sentímonos como enviadas aquí por aquela comunidade para compartir o coñecemento e o amor de Deus desde unha vida familiar, comunitaria coa xente. Ademais, algunha de

Procuramos vivir sempre positivamente, irnos adaptando

onde se atopaban con formas de vida que as degradaban. As monxas agrícolas axudábanlles a formarse como mulleres cristiás, a traballar produtivamente, a capacitarse para afrontar as dificultades da vida, vivisen onde vivisen. Nós queríamos vivir algo distinto nos tempos de hoxe.

Ademais viamos que tiñamos moitas presenzas nas cidades con hospitais, colexios, pero nada no rural, e pensamos que era bo facernos presentes nas aldeas para vivir como familia entre nós, no medio da xente, coa xente, e aquí estamos.

nós tamén tiñamos experiencias gozosas da vida rural na infancia. Quixemos revivir iso, buscando sempre estar co pobo en todo, fuxindo de ser diferentes.

Que é o que máis vos chocou cando chegastes aquí?

Pois que a xente tiña unha fe moi verdadeira no fondo de si, unha fe humilde, oculta; pensamos que podíamos axudar a que esa fe aflorase na vida. Chocounos tamén o moito que se frecuentaban e coidaban as relacións familiares, e ver que a nosotras tamén non incluíron nese ambiente familiar. Por outra banda, vimos un



Libro sobre as monxas de Abadín, publicado para conmemorar os 25 anos da súa presenza en Abadín.

rural como con complexos, que non se valoraba, que se quería abandonar. A algunha levounos tempo integrarnos certamente.

E como foron os vosos primeiros pasos aquí?

Pois, mira, tiñamos claro que debiamos vivir do noso traballo. E empezamos a buscar traballo: Rosa foi traballando aquí e aló de ATS ata a súa xubilación. Paquita primeiro nun colexio de protección de menores de Vilalba, en labores de lavandería, cociña, limpeza, axudando as nenas a facer esas cousas responsablemente; logo tamén como traballadora do servizo doméstico nunha pequena empresa de Cáritas. E Izaskun traballou sempre no servizo doméstico. Atopámonos moi a gusto nestes traballos humildes, era o que queriamos. Estar coa xente, acompañar a xente, ser monxas así.

Que dificultades fostes atopando ao longo destes anos de permanencia entre nós?

Botei de menos a comunidade cristiá que deixara en Valencia; aquí había a

parroquia, pero non é o mesmo. Pero con tanta ilusión, tantas ganas de vivir, de ser unha familia máis, non nos custou moito. Procuramos vivir sempre positivamente, irnos adaptando. Axudounos moito a boísima acollida da xente en xeral e dos curas. Conectabamos moito co estilo relixioso destes curas e coa relación que tiñan establecida coa xente; había xa moito traballo feito, e iso fixo que realmente non houbera dificultades fóra do normal.

Para superar dificultades tamén nos axudaron moito os grupos Júnior da xente nova, os encontros coa veciñanza, aprender a cultivar a terra para conseguir froitos bos, a nosa promoción coa da xente, a promoción da muller con grupos nas diferentes parroquias sen ser nós as protagonistas senón unhas máis ao lado do pobo. E algo así pasou coas celebracións do domingo cando o cura non podía vir; non eramos nós, as monxas, as que as levabamos, senón a xente connosco.

Mirade, ata que punto pensades que a vosa vida é algo alternativo no medio do pobo?

Ben, non queremos chulear de nada, pero, por exemplo, en que sabemos vivir con moi pouco; iso é algo que a xente nos ten dito, e é certo. Tamén a naturalidade dos traballos e da relación, o de ser unhas de tantas, o de non ser especialmente queridas polas autoridades, incluso algo distantes, simplemente porque non queremos entrar coa autoridade nunha relación de pedir favores. A xente percibe, e ténnolo dito, que nos queremos a pesar das diferenzas que hai entre nós.

Non estamos soas aquí, formamos familia, vivimos en común

Ver que a xente nos manifesta que ten confianza en falar con nosoutas de calquera cousa, porque sabe que non andamos con contos por aí. O feito mesmo da nosa permanencia aquí, que non nos deixamos esmagar pola sociedade que despreza o rural. Nese senso, non aprobamos nunca



Fogar das monxas de Abadín, sempre aberta a toda a veciñanza.

Entrevista

Querendo vivir en familia dun xeito integral

Manolo Regal Ledo



Paporrubio, a simplicidade e fermosura da natureza, icona dunha vida simple e fecunda.

nada desas conversacións que nos levan ao desalento, dicindo: todos somos vellos, isto acábase, etc. Tamén cremos que hai algo alternativo na nosa maneira de vivir a fe moi en relación coa vida de cada día no mundo da aldea.

E que é o que vos sostén no día a día?

A fe e a entrega a Deus, a nós, á vida, ao mundo enteiro, todo xunto, pero desde ese anaquiño de terra no que estamos. Tamén sabernos formando parte dunha cousa preciosa que é o amor de Deus, a creación, a horta, as sementes, as persoas, a comunidade, ese fundamento de amor que cada vez entendemos menos e nos conven-

ce máis. Os paporroibos que cantan nestes días, na marabillosa creación de froito do amor. Un apoio grande, grande, o máis grande é Xesús, por iso nos axudan moito as reunións de estudo de Evanxeo coas achegas que nelas a xente fai.

A conciencia de que estamos aquí para botar unha man, e manter o feito de camiñar todas xuntas coa xente; boto unha man, pero tamén me botan unha man a min. Estar moi espertas ás necesidades de hoxe, cousa que vivimos desde o Deus de Xesús, o que el fixo é o que nós queremos facer. Neste senso, axúdannos moito os espazos de oración de quietude, a escoita da Palabra neste contorno rural

noso tan silencioso, en contacto coa natureza.

Véxovos moi agraciadas, é así?

Si, non estamos soas aquí, formamos familia, vivimos en común, e iso abre moitas portas cara a fóra, e conectar con outras realidades, por exemplo, o encontro coas mulleres do Sindicato Labrego Galego que tivemos en Mondoñedo, ou vernos coa Herminia, coa Rosa de Somozas, con moita xente de aquí, parellas, matrimonios, os nenos e nenas que te asombran polo desexo que teñen de coñecer a Deus.

Apostamos por estar coa xente na corda frouxa

E, por último, neste mundo rural tan fráxil no que vivides, que podedes aportar vós, como membros dunha comunidade cristiá?

Xa vai dito moito, pero ademais ver que a xente busca animación, persoas que animen. Temos relación con moita xente e o mellor que podemos ofrecer é mostrar que estamos ben, sereas, pacificadas, alegres, para poder transmitirlo. É certo que nos custa aceptar que o chapón do capitalismo nos quere tragar, e quere acabar coa forma de vivir no campo, empuxando para que a xente nova se vaia. No medio disto, como comunidade cristiá apostamos por estar coa xente na corda frouxa. Conectarnos con Xesús, con Deus, e desde aí estar na realidade de na que estamos.

Ata cando?

Ata cando os corpos resistan. Ata a morte.

Tragar un sapo

Nunca os meus ollos tal viran! Ata o corazón se me aceleraba. Non podía imaxinar espectáculo parecido. Por moitos anos que pasaron, aínda hoxe o teño vivo en min, como unha desas experiencias que non quixera recordar, pero que aí quedaron gravadas.

A cobra non era moi grande. O sapo si que estaba gordo e rechouchudo. Ela estábao esperando quietiña, coma morta. El ía despreocupado, meténdose lentamente no trugal para fuxir do sol. E, o mesmo ca a caída dun lóstrego, abalázanse a cobra sobre el e comeza a tragalo. Eu apostáballe a meu irmán que non sería capaz de comelo. El non podía resistir aquilo e quería matar a cobra. Non llo permitín. Tiña gran curiosidade por saber en que remataría a faena. A cobra retorcíase, facía esforzos para engulir o sapo. Este parecía que ás veces se inchaba máis. Ela metéao na súa boca pola cabeza del. O sapo movía as pernas de atrás como pedindo auxilio. Nun momento, botou un peido cheirón, desinchouse un pouco, e a cobra aproveitou para rematar o traballo. Quedou extenuada. Parecía rebentada co esforzo. Tardou aínda un cacho bo en moverse. Notábase que case non podía. Daquela meu irmán non agardou máis. Colleu un pelouro que tiña fronte de si e tiroullo encima con todas as ganas, ao tempo que dicía: “Non me reces vivir, condenada”. Morreron os dous xuntos. Nós fómonos co susto no corpo contárllelo aos nosos pais. Cantidade de veces se me veu ao pensamento o caso da cobra tragando o sapo. Pero nunca oíra a expresión que lle sentín este día a Dorinda.

-...que si! que si! Que para vivir en paz hai que tragar moitos sapos.

Dicíao toda convencida, coa seguridade de quen sabe o que di. A min revolvéuseme o estómago. Revivín nun instante o que tiña gravado había moitos anos. Naquel momento estabamos tres na conversa. Desde que se foron os outros, amañeime como puiden e convidéina a tomar un café no bar. Sentámonos na mesa do fondo. Non sabía como entrar no seu corazón. Sentía curiosidade e dábame medo a un tempo. Que lle pasará a Dorinda para dicir iso? –pensaba eu-. Que calamidades non terá que aguantar para expresarse desá maneira? Mirei de -ao meu parecer- meterme no asunto un pouco de lonxe, como sen querer, e pregunteille:

-...E logo, Paco, o teu home, onde traballa agora?

-Que onde traballa? Xa leva meses rebaixado.

-Non me digas! E que ten? Que lle pasa?

-Iso habería que preguntarllo a el... E non creo que cho diga.

-Como? Non entendo...

-Pois iso é o que me pasa a min.

-Pero cóntame, muller. –Eu morría por saber-. E Dorinda comeza a contar:

-Mira, estouche moi aburridiña. Hai tempo que deu en beber. Chegaba á casa cheirando a viño. Advertínlllo por dúas veces: “Paco, estaste a pasar. Deixa de saír con eses.”- Pero, meu fillo, revirouse furioso contra min e fíxome calar. Desde aquela, cada dous por tres véxoo chegar ben cargado e teño que calar e tragar para que haxa paz. Pero todo ten o seu límite.

-Compréndote, Dorinda -dixen eu-.

-De seguro que non mo crerás, pero teño o corazón a punto de rebentar- seguía contando Dorinda-.

Agora, ademais do de Paco, dáme a alma de que o

Para vivir en paz hai
que tragar moitos
sapos




O repenso

Ramón Díaz Raña

fillo vai por mal camiño.
Non foi capaz de acabar os estudos e, por riba, xuntouse con malas compañías. Díxennlle mansiñamente, con tenrura de nai, o que me daba o corazón. Non me sirve de nada. O único que consigo son enfados e malas contestacións. Cheguei á conclusión de que non me queda máis remedio ca calar e tragar. Pero isto non é vivir. Acábanseme as ganas. Teño como unha indigestión no estómago. Algo duro, igual que unha pedra, que non son quen de dixerir. A cabeza, de tanto cavilar, está a reventar....

Paréceme ver moita xente con cara de mala dixestión

E así foi Dorinda vomitando sapos e sapos. Ademais dos da familia, contoume o que lle acaba de pasar con Pura, a amiga de toda a vida. Meteulle unha trola monumental. E cando llo estaba contando, naquel mesmo momento, Dorinda descubre claramente que é un invento de Pura. Ela escoita, cala e traga. Non cre que sexa o mellor momento para romper coa súa amiga, estando como está cos da casa. Despois de escoitala, non me estraña nada a súa expresión: “Se queres vivir en paz, tes que tragar moitos sapos”. O malo é que con tantos sapos, o normal é que acabe reventando. Tratei de animala. Intentei facerlle ver que estaba pasando por un mal momento (por un mal trago), que en todas as vidas hai invernos, tormentas, treboadas..., que todos os túneles teñen o seu final, por longos que sexan. Dorinda escoitábame coa alma aberta. Pedía luz para un corazón ás escuras. E cavilei, pensei e repensei. Non quixera que fose verdade, pero paréceme ver moita xente con cara de mala dixestión. Non será que teñen un sapo no estómago que non son capaces de dixerir? Non o quero crer, pero algo hai que custa traballo tragar.



Deputación
DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuiña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRIBIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscricions@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>



Boa Nova



DOMINGO 5 de novembro. XXXI do Tempo Ordinario

A PALABRA Mt 23, 1-12

Naquel tempo, Xesús dirixiuse aos discípulos e mais á xente dicindo: «Na cátedra de Moisés sentaron os letrados e mais os fariseos. Facede, logo, e cumpride canto vos digan, mais non imitedes a súa conduta porque falan mais non cumpren. Atan fardos pesados e cárganos no lombo dos outros, mais eles nin un dedo poñen para os mover. Todo o que fan é para que os vexan: visten aparatosamente, ancheando as filacterias e as franxas dos seus mantos; buscan os primeiros postos nos banquetes e os primeiros asentos nas sinagogas; que lles fagan reverencias nos rúes e que os chamen «mestre». Mais vós non vos fagades chamar “señor mestre”, pois un só é o voso Mestre, e todos vós sodes irmáns. E a ninguén chamedes “pai” na terra porque un só é o voso Pai: o celestial. Nin tampouco vos fagades chamar “dirixentes”, porque un só é o voso dirixente: Cristo. O máis importante entre vós debe ser o voso servidor. Porque quen se enaltece será rebaixado, e quen se rebaixa será enaltecido.»

ECO

“Levo tempo matinando que se un día os métodos de destrución cada vez máis eficaces rematan varrendo por completo a nosa especie do planeta, non será a crueldade a causa da nosa extinción, e menos aínda, por suposto, a indignación que esperta a crueldade, nin tan sequera as represalias e a vinganza que atrae... Mais a docilidade, a ausencia de responsabilidade dos humanos modernos, a súa aceptación vil e servil do máis pequeno decreto público. Os horrores que vemos, os horrores aínda máis abominables ós que imos asistir agora, non indican que os rebeldes, os insubordinados, os refractarios sexan cada vez mais no mundo, se non que cada día hai máis persoas obedientes e dóciles.”

Georges Bernanos (autor francés 1888-1948) – tradución ao galego cortesía de Christina Moreira

Un só é o voso Mestre, e todos vós sodes irmáns

Mateo proponnos na lectura de hoxe o comezo de un longo discurso no que describe a actitude hipócrita dos letrados e fariseos. A súa crítica vai directa o modo en que eles presumen e buscan ser recoñecidos pola súa virtude cando o único que fan é vivir da aparencia.

As duras palabras con que Xesús describe o seu comportamento revelan a tristura que lle produce ver como estes dirixentes usan o seu poder relixioso no seu proveito e pechan a xente humilde o camiño a misericordia de Deus.

A CLAVE

O mestre non nega a verdade das ensinanzas destes líderes relixiosos, senón que denuncia os privilexios sociais que buscan conseguir con elas. Nunha sociedade na que a honra é máis valiosa que o diñeiro, as acusacións de Xesús están denunciando a falsidade de un status baseado nos comportamentos externos e nunha autoridade sostida nunha falsa virtude.

A proposta do Mestre camiña por outros vieiros buscando, non só reclamar honestidade no comportamento destes dirixentes, senón reconfigurar os criterios que definen as relacións dentro da comunidade e de descubrir un xeito diferente de exercer o liderado dentro de ela. Para Xesús a clave está en recoñecer que a única palabra definitiva é a de Deus e o cargo máis importante é o de servir os demais con humildade e gratuitamente.

Deus Pai e Nai, fainos a todos e todas irmáns e por tanto iguais. Ninguén pode xa reclamar ningunha honra que non sexa a de ser fillo ou filla de un Deus misericordia e perdón e servidor ou servidora dos/as que camiñan na vida o seu carón.

Carme Soto

A PALABRA

Falando da lingua E logo ti de quen vés sendo?

Lidia e Valentina



Quen sabe que apelido vén sendo este?

Praenomen, o *nomen* e o *cognomen*. Ese foi o sonoro título que escollemos para o noso último artigo. Tivo a súa razón de ser en que vos falamos dos apelidos, a raíz da nosa asistencia ás xornadas de onomástica.

Os apelidos xurdiron da necesidade social de identificar as persoas. Con

eles indicábase unha calidade da persoa, unha característica física, de quen se era fillo, o lugar de onde se procedía, un oficio, un alcume. Diferéncianse así uns individuos doutros. Apareceron coa sociedade romana, que seica xa os tomaran dos etruscos. O caso é que o nome romano, e de aí o noso título, compoñíase do *praenomen*, que era o distintivo de cada individuo e sería coma o noso nome de pía; o *nomen*, que era o que aludía á familia, á *gens*; e o *cognomen*, que designaba a rama, no caso de que a familia fose moi numerosa. Aínda tiñan algúns romanos un máis, o *agnomen*, que era unha especie de sobrenome por algunha victoria particular.

Na época medieval designábanse as persoas con patronímicos (derivado do nome do pai ou de algún antecesor, como sería o caso de Fernández, de Fernán ou de Fernando; Martínez, de Martín; Méndez, de Mendo; Muñoz, de Munio ou Muño; Pérez, de Pedro...), alcumes ou detoponímicos (fan referencia ao nome de lugar onde vivía a persoa: Padrón, Bilbao, Burgos, Marín...). A existencia de emblemas heráldicos (deseños gráfi-

cos que diferenciaban o posuidor ou a súa familia) era exclusiva das familias asistocráticas.

En 1870 é cando o sistema de apelidos actual é regulado por lei: colocábase en primeiro lugar o primeiro apelido do pai e en segundo lugar o primeiro da nai. Rexistráronse desde aquela e deste xeito os individuos ao nacer e esa será a súa denominación definitiva ata a súa morte. Na actualidade existe a posibilidade de escoller entre o apelido do pai ou o da nai para transmitirlo de primeiro aos descendentes, o que pode contribuír a facilitar que non se perdan apelidos peculiares.

Hai quen asegura, baseándose en estudos estatísticos, que a evolución do sistema que temos hoxe de transmisión de apelidos (o do pai sempre diante) dá como resultado que se vaian impondo apelidos maioritarios (Rodríguez, García...). A ver se non nos vai parecendo tan raro e atrevido darlle prioridade ao apelido da nai, se este é menos común...

Ah! Sabede que as mulleres na antigüidade non levaban máis ca un nome...!

O Fachineiro do lume

Suicidios

Movido por un afán de innovación este fachineiro quere comezar coas palabras do noso amado líder. Dixo Alberto: “É evidente que houbo unha relaxación dos mecanismos de vixilancia da Xunta. A contratación de traballadores das brigadas foi moi lenta. Non quero converter isto en materia de loita partidista pero quero que se reúna a Comisión Permanente do Parlamento. Queremos que se nos informe. Con nós non morría xente nos incendios.” E para rematar, a miña declaración favorita. Vai sen traducir para que non se perdan matices: “20 conductores de motobomba se han quedado en casa por no poder acreditar su conocimiento del ga-



llego?” Como xa deduciron os sagaces seguidores, son declaracións de 2006, cando a culpa dos incendios eran do bipartito e de Zapatero, cando Feijoo se esforzaba en apagar unha brasa cunha goma de xardín prostática e calcetíns e mais camisa brancos. Despois soubéronse detalles sen importancia, coma o boicot dos alcaldes do PP á contratación de brigadas ordenadas polo partido e outras axudas polo estilo. Agora, a cousa é outra: o argumentario di que a culpa é dos terroristas e de dos portugueses, que teñen esa manía de non apagar. En fin, un síntoma máis da nosa tendencia suicida, coma a demográfica a lingüística ou a patrimonial.

A.Q.